



Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 10819I03TM	
Código de verificación  5C3U 2S5R 0Y34 4Y5R 10SF	Expediente 108/2021/2227	
	Data 07-04-2025	

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 7 de abril de 2025, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a superior de mobilidade, da escala de administración especial, subescala técnica (subgrupo A1), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución, do 03/10/2023, do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana (BOP núm. 194 do 10/10/2023), nos seguintes termos:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exerc.	Notas 2º exerc.	Notas 3º exerc.	Puntuación concurso	TOTAL
1	SOBRINO SUÁREZ, CARLOS	***6243**	19,80				19,80

Segundo.- A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Terceiro.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Cuarto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O director da Área de Administración Xeral

Manuel Ángel Jove Losada